

**IMPORTANTE PARA AS FAMILIAS.
INSTRUCCIÓN FINAL DE CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA.**

Unha vez publicadas as **Instruccións do 27 de abril de 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, informámoslles do seguinte:

- As **actividades lectivas** do curso escolar seguirán ata o día 19 de xuño.
- O profesorado revisará as **programacións didácticas** para centrar as actividades lectivas do derradeiro trimestre nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberá desenvolver o alumnado. Estas actividades poderán ser de recuperación, repaso, reforzo ou ampliación. Tamén adaptará os criterios de avaliación e cualificación, que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación do terceiro trimestre sempre e cando beneficie ao alumnado. **A adaptación de cada programación será publicada no departamento correspondente da web do centro a partir do día 13 de maio.**
- O alumnado con **materias suspensas** (1º e 2º trimestre) deberá realizar as tarefas ou probas que o docente de dita materia lle encomende para poder recuperalas.
- A **avaliación final ordinaria** terá lugar unha vez finalizadas as actividades lectivas. Avaliarase ao alumnado en función das cualificacións das dúas primeiras avaliacións (1º e 2º trimestre). A esa cualificación podería engadírselle unha puntuación determinada extra, sempre e cando se contemple nas programacións dos diferentes niveis e materias no apartado de avaliación (consultar documento de programación de cada nivel ou materia na páxina web do centro).
- **Promoción.** Flexibilizaranse de maneira excepcional os criterios de promoción sen depender do número de materias suspensas. A avaliación do alumnado terá en conta o

seu progreso no conxunto das áreas. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional.

Para calquera dúbida poden contactar con nós a través das canles habituais.